

a auga na cultura galega

a auga que corre pola terra

Galicia ten milleiros de ríos e regatos, milleiros de lugares nos que a auga se atopa en contacto íntimo e inseparable co cerne da terra nai, contacto que os converteu en inseparables e complementarios e orixe de multitude de formas mudables e cambiantes, vivas, con forza e movemento; baixo as aparencia máis diversas, agresivas, espectaculares ou tenras, cheas de luz, cor e voz.

Por calquera parte que vaías, sobre todo entre outono e primavera, atopas un curso de auga, grande ou pequeno, de discorrer maino ou bravío.

Canóns impresionantes coas rochas espidas, testemuñas da acción do río durante milleiros de anos, ou zonas remansadas, onde a auga descansa e acolle multitude de formas de vida.



Pozo do Pego
Río Ulla (Touro)

REFRÁN:


Auga que vai río abaixo para arriba non ha de volver.

CANTIGA:

Moitas voltas da o río,
moitas voltas da o regueiro,
tamén a nena da voltas
por encontrar mozo solteiro.

"O río sigue no seu, coma fai catro ou cinco ou cen mil anos. Sigue rolando, moendo o tempo e luindo pelouros con feroce teimosía; dabúa, ruxe, agurgulla en escumas, fura nas raiceiras, e eu vexo nel a vida, o alento de cada hora dándolle feitío á eternidade, e síntome cativa no arrimo desta orela, destas pedras carricentas postas polo xenio andeiro dos romanos"
Xosé Neira Vilas "Querido Tomás"


Vendo i ouvindo o río
vaise o tempo sin sentilo.
Naza' a auga su as abrairas
entr'as penas sombrizas
roxe e baixa
de pincheira en pincheira
e corre entretrecida...
Uxío Novoneyra "Os eidos"



Curso alto do río Xesta



Canón do Sil




Seimeira de Vilagocende (A Fonsagrada)

FERVENZAS, RÁPIDOS.

O "XOGO", A "LOITA" DA AUGA E A PEDRA.

A combinación de rochas, auga, luz e son crea espazos únicos, lugares máxicos onde as augas que caen ou se derruban, que esbaran polas grandes laxes ou que discorren entre penedos exercen sobre nos un atractivo especial.

Sería case imposible inventariar as fervezas que hai en Galicia, desde os pequenos regos ata os grandes ríos, raro é o lugar onde non se atopa algunha. E froito desa gran abundancia e variedade é tamén a diversidade de nomes que podemos atopar percorrendo o país: fervezas, férvedas, fírvadas, freixas, fechas, fícheiras, chorreiras, chorredeiras, cadoiros, saltos, cataratas, cachóns, abanqueiros, cachoeiras, cascadas, ruxidas, ruxidoiras, rexedoiras, cenzas, censas, caeiras, pincheiras (no Courel), seimeiras (na Fonsagrada), pesqueiras (nos Ancares)...




Pincheira de Rixio
(O Courel)



"Olas" no río Mao (Lobios)

Ao pé das fervezas é frecuente que se formen pozos ou pozos, moitas veces de augas escuras e profundas aos que a xente pon nomes como "negros, do demo, do inferno, sangoentos..."

Moitos deles teñen lendas asociadas: meigas, fadas, mouras, serpes e outros espíritus que moran no fondo; campás, tinas de ouro, persoas ou carros de bois mergullados nos pozos...



Pozo Sangoento, no río Seixo (Cerdedo), onde vive a Serpe Bichoca.

LAGOAS

Na maior parte das lagoas de Galicia (Cospeito, Doniños, Antela,...) dise que hai cidades asolagadas. Na lagoa de Alcaían (Coristanco) está a cidade de Alcaían. Contan que cando viñeron Deus e San Pedro pedindo esmola, os veciños encirrónlle os cans. Entón díxolle Deus a San Pedro "Adeus vila de Alcaían, que tamén me encirraches os cans". Din que ás 12 da noite do día de Nadal oense cantar aos galos. En Lebañón contan que había un pobo de pescadores e pasou o Noso Señor, pediu esmola a un zapateiro e este tiroulle unha subela. Entón o Noso Señor dixo "Arrevírate vila co de abaixo para arriba". A xente dí que oe tocar as campás.



Lagoa de Cospeito